



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Prácticum III	Código	750G02136	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	12
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos	Para cursar la asignatura es obligatorio haber superado: PRACTICUM I. No se matricule de esta materia mientras no supere la materia de 3er curso Prácticum I, puesto que su matrícula en esta materia será anulada.			
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Mosquera Fernandez, Abian	Correo electrónico	abian.mosquera.fernandez@udc.es	
Profesorado	Alvarez-Calderón Iglesias, Oscar Alvariño Rodríguez, Ana María Bernabeu Pena, Carolina Bernardo Freire, Pablo Carballo Díaz, Juan Luis Garcia De Castro, Ricardo Gil Racionero, Fernando Gonzalez Martin, M. Cristina Justo Paz, Antonio López Martínez, Noemia Zeltia Martínez Vázquez, María Mosquera Fernandez, Abian	Correo electrónico	oscar.alvarez-calderon.iglesias@udc.es ana.alvarino@udc.es carolina.bernabeu@udc.es pablo.bernardo@udc.es juan.carballo1@udc.es ricardo.garcia.decastro@udc.es f.gil@udc.es cristina.gmartin@udc.es antonio.justo.paz@udc.es zeltia.lopezm@udc.es maria.martinez.vazquez@udc.es abian.mosquera.fernandez@udc.es	
Web	campusvirtual.udc.gal/			
Descrición xeral	Durante a realización do Prácticum 3 o alumno/a asume o último bloque das súas prácticas pre-profesionais. Estas prácticas desenvólvense na Clínica Universitaria de Podoloxía (CUP) e en Servizos clínicos do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol co fin de que o alumno/a incorpore á súa formación as competencias fundamentais e os valores profesionais para o exercicio da súa profesión. O bloque práctico supón unha participación activa do alumno/a en o proceso asistencial sempre baixo supervisión do profesorado. Durante as mesmas poderanse desenvolver outras actividades en forma de seminario ou sesións clínicas nas que se abordarán contidos e competencias relacionadas coa práctica clínica como o estudo e discusión de casos, interpretación de probas complementarias ou realización de informes. Antes do inicio das prácticas clínicas porase a disposición do alumno/a un anexo a esta guía na que se detallarán aspectos relacionados coa planificación, a metodoloxía e a avaliación da materia.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
O alumno/a integra e aplica na práctica clínica podolóxica os coñecementos adquiridos durante todos os seus estudos nas clínicas podolóxicas universitarias e centros acreditados.	A131		
	A132		
	A133		
	A134		
	A135		
	A136		
	A137		



Protocoliza e aplica o método clínico en podoloxía		B31 B32	
Realiza a historia clínica podolóxica e rexistra a información obtida.		B34 B35 B36 B37	
Desenvolve as técnicas de exploración física.	A131		
Desenvolve a habilidade de realizar as actividades radiolóxicas propias da podoloxía.		B25	C11
Interpreta os resultados das probas complementarias e a racionalización do seu uso.		B32 B33	
Emite un diagnóstico e prognóstico.		B26	
Deseña o plan de intervención integral ou tratamento podolóxico.		B30	C14
Deseña plans de intervención específicos para o tratamento do pé de risco: diabético, neurolóxico e vascular.	A132		
Desenvolve a capacidade de establecer protocolos, executalos e avalialos.	A134		
Desenvolve a habilidade e destreza no uso do instrumental, material e maquinaria empregados para a confección e aplicación de tratamentos podolóxicos.	A131 A135		
Desenvolve as habilidades sociais para a comunicación e o trato co paciente e outros profesionais. Establece intercambio de información cos distintos profesionais e autoridades sanitarias implicadas na prevención, promoción e protección da saúde.			C12
Aplica as medidas de resucitación e reanimación en casos de emerxencia.			C11 C12
Prescribe, administra e aplica tratamentos farmacolóxicos, ortopodolóxicos, físicos e cirúrxicos.		B24 B25 B27	
Elabora e interpreta informes clínicos.		B28 B32	
Avalía os resultados obtidos do proceso de atención podolóxica.			C9 C11
Adquirir capacidade na xestión clínica dos servizos de podoloxía.			C11 C12
Manter actualizados os coñecementos, habilidades e actitudes.			C13
Garante a calidade asistencial na práctica da podoloxía.			C9 C15
O alumno/a é capaz de seleccionar información, analizala e avaliála para redactar, expor e defender un informe científico.			C16 C17
Coñecer e obter habilidades na aplicación das técnicas podolóxicas de cirurxía ungueal, de cirurxía podolóxica de partes brandas, de cirurxía ósea e articular do pé.		B29 B33 B38	
		B28 B30 B39	C14

Contidos

Temas	Subtemas
-------	----------



<p>Na materia Prácticum 3 o alumno/a aplica os coñecementos teóricos adquiridos nas diferentes materias do título á práctica clínica, garantindo un proceso integral de atención podolóxica ao paciente que inclúa todos os aspectos clínicos, documentais e legais. Por iso, todos os contidos teóricos e teórico-prácticos da titulación impartidos ata o 2º cuatrimestre do 4º curso de grao así como os impartidos simultaneamente son relevantes para a práctica clínica e de obrigado coñecemento, feito que debe ser tido en conta polo alumno/a efectos de que o seu coñecemento e actualización serán elementais para poder desenvolver as prácticas clínicas e garantir a adquisición das competencias formando parte da avaliación continua e final da práctica clínica.</p>	<ul style="list-style-type: none"> -Método clínico en podoloxía. -Historia clínica podolóxica: rexistro da información obtida. -Técnicas de exploración física. -Actividades radiolóxicas propias da podoloxía. -Probas complementarias e a racionalización do seu uso. -Diagnóstico e prognóstico. -Plan de intervención integral ou tratamento podolóxico. -Plans de intervención específicos para o tratamento do pé de risco: diabético, neurolóxico e vascular. -Protocolos: execución e avaliación. -Uso do instrumental, material e maquinaria empregados para a confección e aplicación de tratamentos podolóxicos. -Medidas de resucitación e reanimación en casos de emerxencia. -Habilidades sociais para a comunicación e o trato co paciente e outros profesionais. -Intercambio de información cos distintos profesionais e autoridades sanitarias implicadas na prevención, promoción e protección da saúde. -Prescrición, administración e aplicación tratamentos farmacolóxicos, ortopodolóxicos, físicos e cirúrxicos. -Elaboración e interpretación de informes clínicos. -Avaliación dos resultados obtidos do proceso de atención podolóxica. -Capacidade na xestión clínica dos servizos de podoloxía. -Actualización dos coñecementos, habilidades e actitudes. -Calidade asistencial na práctica da podoloxía. -Utilización elementos de documentación, estatística, informática e os métodos xerais de análises epidemiolóxicas
---	--

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Prácticas clínicas	A22 A131 B28 B29 B30 B35 B36 B37 B38 B39 C7 C8 C9 C10 C11 C12 C13 C14 C15 C16 C17	240	0	240
Portafolios do alumno	A4 A12	0	50	50
Proba obxectiva	A122 A132 A133 A134 A135 A136 A137 B1 B24 B25 B26 B27 B31 B32 B33 B34	2	6	8
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Prácticas clínicas	<p>As prácticas clínicas consisten na participación gradual e supervisada do alumnado no proceso de atención podolóxica integral cos pacientes que sexan atendidos nos diferentes servizos da Clínica Universitaria de Podoloxía e as prácticas externas nos servizos do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol.</p> <p>O alumnado participará de forma activa, sempre baixo supervisión, en todo o proceso de atención clínica: a xestión de datos clínicos; a exploración física e a xestión de probas complementarias e interpretación das mesmas; o diagnóstico, a prescrición, indicación, obtención e/ou aplicación dos diferentes tratamentos, así como o seguimento das afeccións tratadas e a súa evolución. Do mesmo xeito participará de forma activa nas sesións clínicas dos servizos.</p> <p>A asistencia ás prácticas clínicas é obrigatoria.</p>
Portafolios do alumno	<p>Consiste no desenvolvemento de competencias relacionadas coa xestión documental clínica (elaboración da historia clínica, solicitude e interpretación de probas complementarias, elaboración de informes, elaboración de plans de tratamento etc.) para conseguir o desenvolvemento das competencias propias do futuro profesional.</p> <p>Toda a información relativa á elaboración e avaliación do portafolio facilitarase no anexo á guía docente que se entregará ao alumno/a ó longo das prácticas clínicas.</p> <p>A realización e entrega en tempo e forma do portafolio é obrigatoria.</p>
Proba obxectiva	<p>Realizarase un exame final individual no que se avaliará calquera das competencias a adquirir detalladas no programa da asignatura. Este exame será de carácter teórico-práctico avaliando tamén os coñecementos teóricos aplicados a práctica e será elaborado en consenso polo conxunto dos profesores de cada Servizo da CUP. O tipo e planificación do exame detallarase polo menos 15 días antes da data do exame.</p> <p>O exame constará de dúas partes; unha correspondente ao Servizo de Quiropodoloxía e Cirurxía e outra correspondente ao Servizo de Patoloxía mecánica e tratamentos físicos e ortopodolóxicos. Para superar o exame e a materia será necesario obter unha cualificación de aprobado (maior ou igual a 5 sobre 10) en cada unha das partes.</p> <p>A porcentaxe de cada apartado da proba obxectiva será: Exame de Quiropodoloxía e Cirurxía (20%); Exame de Patomecánica-Ortopodoloxía (20%), correspondendo ó 40% da cualificación global da asignatura.</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Portafolios do alumno Prácticas clínicas	<p>A atención personalizada que se describe en relación a estas metodoloxías concíbese como momentos de traballo co profesor de forma presencial ou virtual.</p> <p>A forma e o momento en que se desenvolverá a atención personalizada correspondente a cada actividade indícarase ao longo do curso segundo o plan de traballo da materia.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Portafolios do alumno	A4 A12	Avaliaranse todas as actividades individuais ou en grupo que se programaron na planificación e metodoloxía do portafolio. Toda a información relativa á avaliación do portafolio detallarase ao comezo do cuadrimestre.	20



Prácticas clínicas	A22 A131 B28 B29 B30 B35 B36 B37 B38 B39 C7 C8 C9 C10 C11 C12 C13 C14 C15 C16 C17	<p>A avaliación da práctica clínica consistirá nunha avaliación do grao de adquisición por parte do alumnado das competencias a desenvolver neste Prácticum . A cualificación final obterase da recollida dos coñecementos, habilidades e actitudes que o profesorado recollerá nas prácticas supervisadas do seu Servizo.</p> <p>Terase en conta o cumprimento por parte do alumnado da normativa da UDC, normativa de práctica clínica (CUP) e da materia.</p> <p>A porcentaxe global de cada Servizo é:</p> <ul style="list-style-type: none">- Quiropodología-Cirurxía (20%)- Patomecánica-Ortopodología (20%) <p>É requisito necesario obter al menos unha cualificación de 5/10 na avaliación de ambos servizos para poder aprobar as prácticas clínicas e a asignatura.</p> <p>Para a avaliación continua das prácticas clínicas teránse en conta os seguintes ítems:</p> <ul style="list-style-type: none">-Co paciente valorarase especialmente a capacidade de expresión e comunicación en todo o proceso de atención clínica, desde a anamnesis ata a prescrición terapéutica-Coñecemento profesional na toma de decisións de exploración, diagnóstico, racionalización das probas complementarias, diagnóstico e manexo terapéutico-Habilidade na utilización de instrumental, material e maquinaria para a aplicación, administración e fabricación dos distintos tratamentos.-Capacidade de iniciativa, traballo, responsabilidade, organización e planificación-Asistencia, puntualidade, interese e colaboración no traballo.-Limpeza e vestimenta persoal de prácticas clínicas.	40
Proba obxectiva	A122 A132 A133 A134 A135 A136 A137 B1 B24 B25 B26 B27 B31 B32 B33 B34	<p>Realizarase un exame final individual no que se avaliará calquera das competencias a adquirir detalladas neste programa. Este exame será de carácter teórico-práctico sen esquecer a base da aplicación da teoría á práctica e será elaborado en consenso polo conxunto dos profesores que de cada Servizo da CUP. O tipo e a planificación do exame detallarase polo menos 15 días antes á data de exame.</p> <p>O exame constará de 2 partes unha correspondente ao Servizo de Quiropodoloxía e Cirurxía e outra correspondente ao Servizo de Patoloxía mecánica e tratamentos físicos e Ortopodolóxicos para superar o exame e a materia será necesario obter unha cualificación de aprobado en cada unha das partes.</p> <p>Non se permitirá o acceso e realización da proba obxectiva a aquel alumnado que chegue con atraso ao seu inicio e non sexa puntual.</p> <p>A porcentaxe global de cada apartado de probar obxectiva será: Exame de Quiropodoloxía e Cirurxía (20%); Exame de Patomecánica-Ortopodoloxía (20%)</p>	40

Observacións avaliación



Requisitos para superar a materia: A asistencia ás prácticas clínicas é obrigatoria para todo o alumnado independentemente da súa modalidade de matrícula. Poderase optar a superar o Prácticum III con ausencias xustificadas baixo os seguintes supostos: 1. Un máximo de 5 ausencias xustificadas sen penalización na cualificación.

2. Desde a 6ª á 8ª (ambas incluídas), cada ausencia xustificada será penalizada con 0.50 puntos por ausencia na cualificación da avaliación continua do rotatorio no que se produza a ausencia.3. A partir da 9ª (incluída) falta xustificada ou de calquera número de faltas sen xustificar, o alumno/a non poderá

optar a superar o Prácticum III na matrícula do curso corrente, e aparecerá nas actas como SUSPENSO.*** O carácter "xustificado" das faltas será o contemplado para

os procesos de avaliación no artigo 12 das Normas de avaliación, revisión e

reclamación das cualificacións dos estudos de grao e máster universitario,

aprobada polo Consello de Goberno da UDC.

Calquera suposto que se presente no límite da presente norma

poderá ser revisado polo conxunto de profesorado do Prácticum para o curso en

vigor.Para superar a materia (ademais de cumprir os requisitos en relación a asistencia) será necesario aprobar (Cualificación maior ou igual a 5 sobre

10) cada un dos apartados recollidos na "Avaliación": 1. Avaliación continua (práctica clínica)2. Portafolio (A falta de entrega do Portafolio en tempo e

forma, será motivo de suspenso da asignatura)3. Exame (proba obxectiva).O alumnado que non superen a puntuación mínima ou non se presenten

ao exame individual na convocatoria de maio terán opción a facelo na convocatoria de xullo. Na avaliación de 2ª oportunidade só hai opción ao

exame e o portafolio da materia polo que si a avaliación continua está suspensa o alumno/a estará suspenso no Prácticum III debendo de

matricularse no seguinte curso académico.Calquera falta grave de disciplina ou comportamento cos pacientes, compañeiros, profesorado ou persoal

da CUP, así como faltas ás normas da UDC, normativa da materia, funcionamento da CUP, do segredo profesional e da lexislación sanitaria vixente,

será sometida a avaliación polo profesorado da materia, previo informe da situación desencadeada, e pode supor o suspenso automático no

Prácticum III. Durante as prácticas clínicas non se permite:- Falar e permanecer nos corredores ou en recepción.- Utilizar o teléfono móbil durante as

prácticas.- escoitar música durante as prácticas.- Realizar fotos ou gravacións con dispositivos que non pertencen á CUP.- Rexistrar e comprobar os

datos da historia clínica na recepción ou non identificar convenientemente ao paciente (por nome e apelidos) ou as tarefas realizadas por cada

alumno/a e profesor responsable.- Non recoller ou organizar os gabinetes e salas tras o seu uso.- Dar o alta ou cita a un paciente sen supervisión por

parte do docente responsable da atención.- Ausentarse das prácticas sen unha xustificación e comunicación ao profesor responsable da práctica.-

Comer ou beber nas instalacións da CUP (só se permite na aula CUP ou cafetería previa autorización).- Non portar o cartón identificativo,

indumentaria individual de prácticas clínicas limpa e en perfecto estado (pixama e calzado sanitario branco), bolígrafo 4 cores , rotulador permanente,

rotulador borrable, luvas de kevlar (ou equivalente), tesoiras multiusos ou lentes, máscara ou máscara de protección.- Non manter un aseo adecuado

incluíndo non manter o pelo recolleito ou curto, as uñas cortadas e sen pintar así como portar colares, aneis, pendentes longos ou pulseiras.-

Calquera outro incumprimento das normas da UDC, da materia e/ou da CUP (<http://www.udc.es/fep/cup>).Situacións especiais de avaliación1) A

cualificación de matrícula de honra, dado o seu carácter graciable, concederáse automaticamente ao alumnado que obteña un 10 na cualificación

media da materia. De darse o caso de que haxa máis alumnos/as con esa cualificación que matrículas se poidan outorgar pola cota oficial

establecido, convocarase a todos os alumnos/as para a realización dunha proba específica de desempate, proba que consistirá en novo exame de

características similares ás da proba obxectiva, exame que se fixará en data e hora de acordo cos interesados/as 3 días antes da data de actas. En

caso de non existir ningún alumno/a con cualificación de 10, todo o alumnado que obteña unha cualificación media superior a 9.0, requisito básico

para optar á matrícula de honra, poderán optar á matrícula de honra por acordo do conxunto de docentes da materia naqueles casos que, cumprindo

o requisito mínimo, puidesen ser merecedores de matrícula pola aptitude e a actitude mostradas durante o desenvolvemento da materia.2) Segunda

oportunidade: Na 2ª oportunidade só poderán optar a superar a materia aqueles alumnos/as que superando a avaliación continua non superasen o

exame práctico, ou cando o sumatorio total das cualificacións non supere a nota mínima para superar o Prácticum 3 debido á cualificación do

Portafolio do alumno/a. Para ambos os supostos no calendario académico quedará fixada unha data para as novas probas de exame práctico e/ou

nova entrega de actividades de portafolio.3) Convocatorias de segunda e posteriores matrículas: Para aqueles alumnos/as que cursen a materia e

realicen as prácticas obrigatorias de forma completa, poden volver cursar toda a materia novamente ou presentarse só a aquelas partes que non

obtivesen unha cualificación mínima de 5 sobre 10. En caso de non realizar a totalidade das prácticas clínicas terá que cursar a totalidade da materia

novamente.4) Conservaranse de forma automática as cualificacións superadas de calquera das metodoloxías dentro das 2 oportunidades da mesma

convocatoria.5) Para alumnado con matrícula parcial: poderán desenvolver a materia realizando os diferentes conceptos da materia en dous cursos,

sempre realizando as prácticas, portafolio e exame do mesmo servizo no mesmo curso. Para iso contarase o primeiro curso en que se curse a



materia coa cualificación de N.P. e no segundo coa cualificación calculada de todos os conceptos no momento de realización dos mesmos. Deberán de solicitar e aprobarse esta modalidade de avaliación ao comezo do curso, en caso contrario avaliarase como na modalidade ordinaria.6)

Convocatorias da oportunidade adiantada de avaliación: Para aqueles alumnos/as que solicitasen a oportunidade adiantada de avaliación, cumpran cos requisitos, concédaselle e cursen e superen as prácticas clínicas (cuxa cualificación suporá o 40% da materia), poderán presentarse á proba obxectiva de carácter práctico clínico cuxa cualificación suporá o 60% da cualificación da materia.7) Non presentado: aqueles alumnos/as que asistan a menos do 70% das prácticas clínicas da materia, a súa cualificación será automaticamente de Non Presentado (para calquera das oportunidades do curso).8) Alumnado de mobilidade (Erasmus , SICUE, Bilateral): A cualificación dos alumnos de mobilidade (tanto Erasmus, como SICUE, como Bilateral) realizarase só pola avaliación continua en caso de suspenso poderán recuperar no exame da materia. Estes distribuiranse entre todos os grupos de prácticas.9) Mentorización ERASMUS e Bilateral: Ao comezo da materia proporase a todos os alumnos/as que polo menos obtivesen unha cualificación de notable no Prácticum 2 priorizando a aqueles/as alumnos/as obtivesen unha maior cualificación no Prácticum 2 e os que en cursos anteriores realizasen unha estancia de mobilidade noutro país. Dita proposta deberá de realizarse por cada alumno/a que estea interesado en participar como mentor dentro da actividade Moodle onde voluntariamente cada solicitante achegará unha copia do seu expediente e xustificantes de realizar algunha estancia de mobilidade en cursos anteriores a fin de que sexa valorado polo conxunto de docentes da materia. A participación como mentor/a sumará ata 0,5 á súa cualificación final da materia."A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario".



Fontes de información

Bibliografía básica	<p>Tendo en conta que todos os contidos teórico-prácticos da titulación son relevantes para o exercicio profesional e, polo mesmo motivo, para as prácticas clínicas, as fontes de información básica e recomendadas por todas e cada unha das materias conforman as fontes de información, consulta e estudo durante a realización das prácticas clínicas comprendidas deste Prácticum. No entanto existen determinadas fontes documentais de gran utilidade para a súa consulta clínica diaria e que concretará o profesorado que supervise as prácticas clínicas dos diferentes servizos da CUP. A modo de exemplo citamos:-Buckup K. Pruebas clínicas para patología ósea, articular y muscular. 3ª ed. Barcelona: Elsevier; 2007.-Espinás Boquet J, Vilaseca Canals J. coordinadores. Guía Terapéutica en Atención Primaria (Basada en la selección razonada de medicamentos). 4ª ed. Barcelona: Sociedad Española de Medicina de Familia y Comunitaria; 2010.-Dockery GL. Cutaneous disorders of the lower extremity. 1ª ed. Philadelphia: Saunders; 1997.-Muñoz Calvo B et al, comité editorial. Cliniguía, actualización de diagnóstico y terapéutica. 7ªed. España: EvieScience; 2012.-Straus SE, Scoot Richardson W, Glasziou P, Haynes RB. Medicina Basada en la evidencia. 3ªed. Madrid: Elsevier; 2006.-Tixa S. Atlas de anatomía palpatoria: tomo 2 miembro inferior. 2ª ed. Barcelona: Masson; 2006. -Villa LF. Coordinación. Medimecum, guía de terapia farmacológica. 15ª ed. España: Luis F Villa Alcazar; 2010.</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Bases para a Interpretación do Coñecemento Científico Aplicadas/750G02132

Cirurgía Podolóxica 2/750G02129

Anatomía xeral/750G02103

Anatomía específica do membro inferior/750G02104

Dermatoloxía/750G02124

Biomecánica do Membro Inferior/750G02111

Cirurgía Podolóxica 1/750G02128

Bases Biolóxicas e Físicas do Movemento Humano/750G02106

Conceptos Xerais de Cirurxía/750G02127

Bases para a Interpretación do Coñecemento Científico/750G02108

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Cirurgía Podolóxica Avanzada/750G02130

Prácticum II/750G02135

Materias que continúan o temario

Observacións



O Prácticum consiste na aplicación dos coñecementos teóricos adquiridos nas distintas materias da titulación á práctica clínica, garantindo un proceso integral de atención podolóxica ao paciente que inclúa todos os aspectos clínicos, documentais e legais. Por este motivo, todos os contidos teóricos e teórico-prácticos da titulación impartidas ata o 2o cuatrimestre do 4o curso de grao, así como os que se imparten simultaneamente no 2o cuatrimestre do 4o curso de grao, son relevantes para a práctica clínica e de obrigado cumprimento feito que debe ter en conta o alumno que curse a materia Practicum 3, de xeito que o seu coñecemento e actualización será imprescindible para poder desenvolver prácticas clínicas e garantir a adquisición de competencias, formando parte da avaliación continua e final da práctica clínica. Para contribuir a conseguir una entorna inmediata sustentable e cumprir co obxectivo da acción número 5: Docencia e investigación ambiental e social saudables e sostibles? do Plan de Acción Campus Verde Ferrol? A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia realizarase a través de Moodle en formato dixital sen necesidade de imprimílos. - No caso de realizarse en papel: non se utilizarán plásticos, e imprimirase a dobre cara. - Debe realizarse un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural, tendo en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade no comportamento persoal e profesional. - Facilitarase a plena integración do alumnado que, por razóns físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimente dificultades para acadar un acceso adecuado, igualitario e beneficioso á vida universitaria. - Co fin de facilitar a conciliación familiar do profesorado de Practicum 3, aquel profesorado que así o considere, poderá acordar co alumnado correspondente en cada quenda a modificación da hora de inicio e finalización da práctica, comunicándoo ao persoal da CUP. - Na realización dos traballos sobre o tema, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído o obtido a través de Internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, a autorización do seu autor, cualificarase con suspenso (0,0) na actividade. Todo isto sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias que puidesen derivarse tras o procedemento correspondente. "Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas...) - Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. - Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas."

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías